

Grupo Informal de História Medieval
Universidade do Porto, Faculdade de Letras
Via Panorâmica 4150-564 Porto Portugal
www.gihmedieval.com

Incipit 6

Workshop de Estudos Medievais da Universidade do Porto, 2017

COORDENADORES

André Silva

CITCEM – Universidade do Porto

CIDEHUS – Universidade de Évora

Carlos Teixeira

CITCEM – Universidade do Porto

João Martins Ferreira

CEPESE – Universidade do Porto

Leandro Ferreira

CEPESE – Universidade do Porto

Mariana Leite

Instituto de Filosofia – Universidade do Porto

Porto, 2018

Universidade do Porto, Faculdade de Letras, Biblioteca Digital

ISBN: 978-989-54104-2-2

Apoio:

FCT

Fundação para a Ciência e a Tecnologia
MINISTÉRIO DA CIÊNCIA, TECNOLOGIA E ENSINO SUPERIOR

F

Instituto de Filosofia



U. PORTO

**AEFLUP**

Ficha técnica

Título: Incipit 6. Workshop de Estudos Medievais da Universidade do Porto, 2017

Coordenadores: André Silva, Carlos Teixeira, João Martins Ferreira, Leandro Ferreira, Mariana Leite

Editor: Universidade do Porto, Faculdade de Letras, Biblioteca Digital

Local de edição: Porto

Ano de edição: 2018

ISBN: 978-989-54104-2-2

Capa: Flávio Miranda

Composição e paginação: André Silva

Grupo Informal de História Medieval
Universidade do Porto, Faculdade de Letras
Via Panorâmica 4150-564 Porto Portugal

www.gihmedieval.com

Monstros e seres fantásticos na literatura de viaxes: un imaxinario fundador da imaxe do Oriente

Lorena Pazos Romero
Universidade Nova de Lisboa

Resumo

A tese que introduce este artigo pretende recrear a imaxe marabillosa do Oriente que se difunde na Península Ibérica nos séculos finais da Idade Media. Para cumprir tal cometido, estúdanse os monstros e seres fantásticos que aparecían nos libros de viaxes que exploraban o continente asiático. Os relatos de viaxes escollidos son aqueles que chegaron a circular na Península desde finais do século XIII a principios do XVI. Seguindo as diferentes rexións de Asia, estudaranse os monstros que se atopan nos libros de viaxes medievais seleccionados, coas súas características e os lugares nos que se sitúan. En cada un destes territorios, farase unha pequena introdución de posibles mitos anteriores e despois agruparanse os monstros segundo o seu emprazamento concreto, que pode ser real ou imaxinario. Desta maneira podemos ver que panorama monstruoso se crea para cada lugar, e ter así unha imaxe completa do continente, ao mesmo tempo que de cada rexión. Por último, o obxectivo final será analizar os datos que nos aporta esta imaxe monstruosa dos libros de viaxes sobre o Oriente, que é o que define este panorama marabillosa: as diferencias entre os relatos, patróns que seguen ou datos únicos e excepcionais. Desta forma, indícarase cales destes datos nos aportan información sobre o Oriente, tanto sensacións que se poida transmitir sobre o territorio (medo, fascinación...) como pistas que nos poidan dar sobre as xentes dese lugar.

Palabras chave:

monstros; marabillosa; libros de viaxe; Oriente; Península Ibérica

Abstract

The thesis that this article introduces tries to recreate the marvelous image of the Orient that spread throughout the Iberian Peninsula during the last centuries of the Middle Ages. In order to do this, we will study the monsters and fantastic creatures that appeared in travel literature that explored Asia. We will focus our attention on travel texts that circulated in the Iberian Peninsula from the fourteenth to the sixteenth centuries. Thus, we will study the characteristics of monsters found in the selected travel texts in different regions of Asia and the places in which they are mentioned. In each region, there will first be an introduction to some possible older myths and then the monsters will be grouped according to their specific location in space, which could be real or imaginary. This way, we can see the topography of monsters created for each region, which will allow us to have a complete picture of the continent as well as each region within. Lastly, the ultimate objective is to analyze what kind of information about the East does this landscape of monsters derived from travel literature give us, and what defines this marvelous landscape: the differences between tales, tropes or the unique and exceptional details. In this manner, we will see how these devices give us information about the East, both about the feelings that are communicated about a territory (fear, fascination...) and clues that they can give us about the peoples of these places.

Keywords:

monsters; marvelous; travel literature; Orient; Iberian Peninsula

INTRODUCCIÓN

A tese de mestrado que presento ten como tema os monstros e marabillas de Oriente¹, aqueles que aparecen nos libros de viaxes medievais desde finais do século XIII ata principios do XVI. O marabilloso ocupa un lugar privilexiado neste tipo de textos e valorándoos en conxunto podemos ver que importancia tiñan na imaxe que os lectores se forman deste novo territorio, e cales son as características deste espazo marabilloso. Para chegar a resolver esta cuestión final, o meu traballo debe cumprir cunha serie de obxectivos.

En primeiro lugar, facer un estudo do papel dalgúns libros de viaxes medievais na construción da imaxe de Oriente, en concreto no ámbito dos monstros, sendo importante con este fin ter en conta a difusión destas fontes, así coma o recorrido das viaxes que recollen. Non se pretende facer un estudo literario completo destas obras, máis ben recoller aqueles datos que poidan ser de utilidade.

Nestas fontes, atopar os monstros e analizar as orixes de cada un, o seu significado no mundo medieval, características principais e lugar onde se lles sitúa en cada relato, xunto con outros datos que poidan ser pertinentes.

Con estes datos, elaborar un texto histórico coa estrutura dunha ruta imaxinaria por Asia, que siga os lugares onde se atopan os monstros nas diferentes fontes, e desta maneira tentar levar ao lector polo recorrido marabilloso de Oriente que os viaxeiros crearon cos seus relatos.

E recollendo os obxectivos anteriores, estudar como o Oriente se revela neste momento no lugar marabilloso por excelencia. Destacar a concentración de episodios e seres fantásticos, moitos agrupados en reinos tamén marabillosos e que se representan nos mapas occidentais, sendo o caso máis representativo o do reino do Preste Xoán. Así mesmo, tentar dilucidar que papel xogou todo este imaxinario na construción da imaxe do Oriente que tiñan os occidentais que accederon a esta información, máis concretamente na Península Ibérica.

ENCADRAMENTO HISTORIOGRÁFICO

Para lograr revisar a bibliografía pertinente dunha maneira o máis completa posible, decidín clasificala en catro temáticas que se complementan e entrelazan ao longo de todo o estudo: as marabillas e os monstros medievais, os libros de viaxes, a expansión medieval respecto a Oriente e o papel do monstruoso e do marabilloso na construción da imaxe do Oriente.

Os Monstros

No século pasado podemos atoparnos con obras que tratan de facer unha clasificación destes seres seguindo diferentes criterios, como “Monstruos, demonios y maravillas a fines de la Edad Media”² (1980) de Claude Kappler, que reivindica o monstro coma un ser esencialmente visual cuxo terreo natural é o dos viaxeiros e establece unha tipoloxía moi minuciosa do ser monstruoso nos libros de viaxe segundo as súas características físicas. Así mesmo, na obra “Les monstres dans la pensée medievale

¹ Os mapas medievais tiñan certas características comúns, entre elas que o Nilo era o que marcaba a fronteira con Asia, e polo tanto o leste de África era entendido como parte do Oriente. P.D.A. Harvey, *Medieval Maps of the Holy Land* (London: The British Library, 2012), 14.

² Claude Kappler, *Monstruos, Demonios Y Maravillas a Fines de La Edad Media* (Madrid: Akal, 2004).

européene”¹ (1993) de Claude Lecouteux, o autor fai unha análise dos monstros segundo as posibles orixes e divídeos entre homes e animais monstruosos, analizando en cada categoría só os principais. Pero, sen dúbida, unha obra esencial e moi importante para comprender a noción de marabilla no mundo medieval, e polo tanto, aos monstros, é a obra de Jacques Le Goff “Lo maravilloso y lo cotidiano en el Occidente Medieval”(1985).² A diferenza das obras anteriores, máis descritivas, nesta obra propónse unha nova interpretación. Para este autor, a definición do maravilloso non é a mesma para nós que para os homes da Idade Media. O que corresponde ao noso “maravilloso” é a palabra en plural “mirabilia”. Actualmente enténdese por unha categoría do espírito ou da literatura, pero para eles era un universo de obxectos, un conxunto de cousas antes que unha categoría.³

Máis recentemente Joaquín Rubio Tovar, especialista en literatura medieval e filoloxía románica, achéganos aos monstros desde un punto de vista cultural no seu artigo “Monstruos y seres fantásticos en la literatura y el pensamiento medieval”(2006).⁴ Estuda a presenza do monstro na Idade Media, o imaxinario, o maravilloso, as reflexións do momento acerca deles, a “alteridade” e conclúe dicindo que a súa existencia é un fenómeno que se move nun terreo que non é a irrealidade nin a materialidade propiamente dita.⁵ Posteriormente, aparecen outras obras sobre os monstros, pero que non aportan ningunha idea nova máis alá de aquelas que asenta Le Goff sobre o maravilloso.

Os Libros de Viaxe

Nos anos 80 e 90 aparecen unha serie de estudos que pretenden analizar os libros de viaxe desde unha perspectiva literaria. Non son estudos especificamente históricos, pero seguen sendo necesarios para recoñecer as súas características formais e comprender mellor os relatos e o que se plasma neles. Quizais a máis importante é a obra de Jean Richard, “Les récits de voyages et des pèlerinages” (1981)⁶ na que establece o que son os libros de viaxe e a súa tipoloxía, e que desde ese momento será a obra de referencia obrigada para todos os que analicen este tipo de fontes. Para este autor, a dificultade de estudar este tipo de libros reside en que tenden a ser moi variados. É un xénero multiforme, que vai desde as guías destinadas aos viaxeiros, sobre todo aos peregrinos e mercadores, pasando polas cartas e relacións de embaixadores e misioneiros, as historias de expedicións afastadas, de aventureiros, e algúns de carácter netamente xeográfico. O obxecto non está identificado, os lectores non son os mesmos e as características da redacción varían en función dos requisitos.⁷

Seguidamente, nos anos 80 e 90 aparecen unha serie de estudos principalmente literarios que pretenden abordar os libros de viaxe desde este paradigma. Pérez Priego no seu artigo “Estudio literario de los libros de viajes medievales” (1984)⁸ céntrase propiamente en definir as características literarias que definen os libros de viaxes medievais. Para el, neste tipo de literatura séguese un itinerario, un cadro cronolóxico e

¹ Claude Lecouteux, *Les Monstres Dans La Pensée Médiévale Européene* (Paris: Presses de l’ Université de Paris-Sorbonne, 1993).

² Jacques Le Goff, *Lo Maravilloso Y Lo Cotidiano En El Occidente Medieval* (Barcelona: Gedisa, 2008). Primeira edición: 1985.

³ *Ibid.*, 10.

⁴ Joaquín Rubio Tovar, “Monstruos Y Seres Fantásticos En La Literatura Y Pensamiento Medieval,” in *Poder Y Seducción de La Imagen Románica*, ed. Joaquín Rubio Tovar (Aguilar de Campoo: Universidad de Alcalá de Henares, 2006).

⁵ *Ibid.*, 150.

⁶ Jean Richard, “Les Récits de Voyages et de Pèlerinages,” in *Typologie Des Sources de Moyen Age Occidental* (Turnhout: Brépols, 1981).

⁷ *Ibid.*, 8.

⁸ Miguel Ángel Pérez Priego, “Estudio Literario de Los Libros de Viajes Medievales,” *Revista de Filología* 1 (1984): 217–39.

unha orde espacial. As “mirabilia” son unha parte moi especial dos libros e a narración é lineal e continuada con un protagonista que case sempre é o narrador. Rubio Tovar no seu libro “Libros españoles de viajes medievales”(1986)¹ fai un estudo tamén centrado nas características dos textos pero máis prolongado e sobre libros peninsulares.

Co cambio de século, aparece unha nova corrente historiográfica chamada o “postcolonialismo”, que se propón reivindicar a Idade Media como unha época coas súas propias normas e características, que non está illada, se non que se entrelaza cos outros períodos temporais. Tamén reivindica unha Europa heteroxénea e con distintas categorías mentais que as actuais, que se poden manifestar á hora de referirse a xente doutras razas; e invita a pensar fóra do cristianismo. Estas premisas semellan poñen en valor os libros de viaxes por ser a proba das interconexións de Europa co resto do mundo e con outras razas e culturas.²

Neste contexto, obras máis recentes foron reflexionando sobre esta descrición dos libros de viaxe e actualizándoa ou engadindo novas reflexións. No 2000, o traballo de Rubiés, “Travel Writing as a Genre: Facts, Fictions and the Invention of a Scientific Discourse in Early Medieval Europe”³ afirma que a categoría de “literatura de viaxes” é máis xeral que a de “literatura do descubrimento e da expansión” e pode ser definida como un corpo variado de escritura na que, sexa real ou ficticia, toma a viaxe como a condición indispensable da súa produción. Tamén se debe ter en conta o artigo de Kim Phillips “Travel, Writing and the Global Middle Ages” (2016),⁴ que describe a literatura de viaxes medieval como unha narración razoablemente extensa ou informe que intenta describir viaxes e/ou rexións a certa distancia, longa ou curta, desde o fogar do viaxeiro. Propón tamén a categoría de “escritor-viaxeiro”. Este é un home ou muller que escribe un texto como consecuencia de ter viaxado, ou directamente fai que se escriba a través dun colaborador, que pode poñer ao viaxeiro ou a el mesmo no centro da historia.

Por outro lado e paralelamente a estes traballos, outros estudos deixan máis de lado os aspectos formais para centrarse nas informacións que nos aportan os textos, tentando velos coma as únicas testemuñas daqueles viaxeiros que chegaban a terras descoñecidas e do proceso de descuberta do mundo medieval destes novos pobos, das súas costumes. Dentro desta nova corrente destacan traballos recentes coma o de Shirin A. Khanmohamadi “In Light of Another’s Word. European Ethnography in the Middle Ages” (2014)⁵ ou o de Kim M. Phillips “Before Orientalism. Asian Peoples and Cultures in European Travel Writing, 1245-1510” (2014),⁶ que establecen novas aproximacións a este tipo de literatura.⁷

Khanmohamadi identifica aos libros de viaxe como etnografías, só que no lugar de chamarse así utilízanse os termos itinerario, viaxes ou descrición. Desta maneira crearíase un conxunto de tratados etnográficos tardomedievais marcados por un distintivo panorama: unha profunda franqueza cara perspectivas e voces alternativas; especial atención aos límites e perigos de adoptar un punto de vista unicamente europeo ou da cristiandade latina na interacción coa diversidade cultural que se atopan; e as queixas continuas polas experiencias incómodas que teñen que vivir os europeos ao

¹ Joaquín Rubio Tovar, *Libros Españoles de Viajes Medievales*, Madrid: Taurus, 1986.

² Jeffrey Jerome Cohen, ed., *The Postcolonial Middle Ages*, New York: St. Martin’s Press, 2000, 4–6.

³ J.-P. Rubiés, “Travel Writing as a Genre: Facts, Fictions and the Invention of a Scientific Discourse in Early Modern Europe,” *Journeys* 1, 2000.

⁴ Kim M. Phillips, “Travel, Writing and the Global Middle Ages,” *History Compass* 14/3 (2016): 81-92.

⁵ Shirin A. Khanmohamadi, *In Light of Another’s Word. European Ethnography in the Middle Ages* (Philadelphia: Pennsylvania Press, 2014).

⁶ Kim M. Phillips, *Before Orientalism. Asian Peoples and Cultures in European Travel Writing, 1245-1510* (Philadelphia: University of Pennsylvania Press, 2014).

⁷ Dentro dos estudos postcoloniais aplicados á literatura medieval é importante tamén a obra de Lisa Lampert-Weissig, *Medieval Literature and Postcolonial Studies* (Edinburgh: Edinburgh University Press, 2010).

atoparse palabras e visións do mundo extrañas.¹ Phillips, pola súa parte, analiza os libros de viaxes para falar dos diferentes aspectos das culturas asiáticas segundo as informacións que estes aportan, reivindicando a importancia destes textos e desde unha perspectiva de “antes do Orientalismo”, pois para a autora, neste xénero non se asume a superioridade de quen os escribe, excepto en temáticas de relixión, nin intenta xustificar a conquista, polo que a Idade Media non entraría dentro do Orientalismo de Edward Said.²

A Expansión Medieval

No ano 1970, Verlinden na súa obra “The Beginnings of Modern Colonization” establece unha continuidade nos procesos de colonización desde a Antigüidade ata á Época Moderna, sen apenas diferenzas entre a Idade Media e a Moderna. As Cruzadas serían o perfecto exemplo dunha Idade Media que se expande, que coloniza, fronte a outras visións clásicas dunha Idade Media pechada e estática, e o autor compara este caso co que será a colonización de América.³

Nos anos noventa, aparecen unha serie de traballos que comezan a pensar no mundo medieval coma unha época de expansión. Primeiro dentro da propia Europa, e despois cara o leste, Asia, e que acabará coa expansión cara o Oeste, a chegada a América. Michel Mollat é o iniciador desta idea coa súa obra “Los exploradores del siglo XIII al XVI. Primeras miradas sobre nuevos mundos” (1990).⁴ Agrupados segundo as rutas que seguen, vai describindo que exploradores foron os que transitaron por cada unha delas (Catay, África, América...) e tamén recolle as reaccións destes ante o que se van atopando.

No 1994, J.R.S. Phillips titula á súa obra “La expansión medieval de Europa”.⁵ Comeza a analizar desde os inicios da Idade Media cales puideron ser os factores que levaran á exploración medieval doutros lugares e conclúe afirmando que a expansión cara o que será o continente americano, que tivo lugar a principios da época moderna, foi só unha continuación da que xa se tiña iniciado en dirección a Asia na Idade Media, ou, polo menos, ambos períodos estaban relacionados, xa que na época moderna o obxectivo seguía sendo establecer unha nova rota con Asia.⁶

Como vemos, o conxunto destas obras desbota a idea dunha Idade Media inmóbil e con fronteiras pechadas para falarnos dun tempo de exploracións e de intercambios con outras culturas que é tan válido e digno de estudo coma o que o continuará despois na Modernidade. A Europa Medieval semella, segundo estas visións, disposta a coñecer outros territorios e a manter contacto coas xentes que alí habitan, a observar e aprender do diferente.

O papel do Monstruoso e do Marabilloso na construción da Imaxe do Oriente

Esta influencia do fantástico no imaxinario do Oriente reflíctese en diferentes obras que teñen como obxecto de estudo os monstros nos relatos de viaxes a este continente.

¹ Khanmohamadi, *In Light of Another's Word. European Ethnography in the Middle Ages*, 2-3.

² Kim M. Phillips, *Before Orientalism. Asian Peoples and Cultures in European Travel Writing, 1245-1510* (Philadelphia: University of Pennsylvania Press, 2014), 200.

³ Charles Verlinden, *The Beginnings of Modern Colonization*. New York: Cornell University, 1970, IX-XIII.

⁴ Michel Mollat, *Los Exploradores Del Siglo XIII Al XVI: Primeras Miradas Sobre Nuevos Mundos* (México: Fondo de Cultura Económica, 1990).

⁵ J. R. S. Phillips, *La Expansión Medieval de Europa* (Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1994).

⁶ J. R. S. Phillips, *La Expansión Medieval de Europa* (Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1994), 265.

Unha das primeiras obras escritas sobre os monstros no leste é a do historiador da arte R. Wittkower, “Marvels of the East. A Study in the History of Monsters” (1942).¹ Para el, as marabillas condicionan a visión da India durante dous mil anos.² Os relatos de viaxes fan que esta imaxe sexa a da terra das marabillas e as razas fabulosas ata os séculos XV e XVI, que é cando comezan a cambiar, aínda que dunha maneira moi lenta. Segundo Wittkower, estas informacións de viaxes reais ou imaxinarias influenciaron a ciencia e a literatura en Europa e ata o século XIV aínda se cría na existencia de razas fabulosas en Asia. Cando se comeza a repudiar esta historia, simplemente trasládanse estes monstros a lugares inexplorados do planeta.³

Outra aproximación máis recente, que segue o modelo da de Wittkower, atopámola na obra de Maria Adelina Amorim, “Viagem e “mirabilia”: monstros, espantos e prodígios”⁴ (2002). Para a autora, habería dúas posibles influencias das marabillas na imaxe do Oriente. Por un lado, un sistema de representacións do “diferente”⁵ que axudaría a construír unha imaxe por veces negativa, xa que os viaxeiros foron tamén divulgadores de preconceitos, coma a do home salvaxe, con características físicas horrendas, propias da monstruosidade. Por outro lado, parece que este deslumbramento se reaviva nun sentimento de compensación polos tempos difíciles que o Occidente atravesara, xa que a viaxe representa o espello para un mundo diferente cheo de novidades e hipotéticos paraísos terreaís.⁶

Por último, Jana Valtrová publica no 2010 o artigo “Beyond the Horizons of Legends: Traditional Imagery and Direct Experience in Medieval Accounts of Asia”.⁷ En canto á imaxe de Oriente, tamén resalta a importancia do “Outro” e da diferenza: os autores describen un mundo completamente novo e con sucesos fabulosos antes descoñecidos. Por outro lado, reivindica o papel das narracións que os habitantes de Asia lles contaban aos viaxeiros, xa que estas axudaron a formar o imaxinario de Oriente e non só as visións occidentais foron plasmadas nestes relatos.⁸

En conclusión, é nestas dúas últimas obras onde se destaca o papel do maravilloso na imaxe do Oriente: arredor das marabillas constrúese outro mundo cheo de sucesos fabulosos no que os seus habitantes caracterízanse por ser diferentes e sobre os que se transmiten determinados preconceitos que logo permanecerán no imaxinario dos occidentais.

FONTES

As fontes nas que se basea esta tese de mestrado son os libros de viaxes medievais. Aínda que existen diferentes maneiras de clasificalos e describilos, escollín a definición de Phillips no seu último artigo sobre o tema para definir o meu obxecto de estudo por ser a máis completa e precisa ao mesmo tempo. Polo tanto, a literatura de viaxes é unha narración razoablemente extensa ou informe que intenta describir viaxes e/ou rexións a certa distancia, longa ou curta, desde o fogar do viaxeiro. O relato representa unha experiencia de primeira man ou de “segunda”, é dicir, aínda que o rexistro da viaxe e lugar non sexan escritos pola propia man do viaxeiro, o autor falou con el ou leu as súas notas da viaxe.⁹

¹ Rudolf Wittkower, “Marvels of the East: A Study in the History of Monsters,” *Journal of the Warburg and Courtauld Institutes* V, 1942: 159-97.

² Ibid., 159.

³ Ibid., 194-97.

⁴ Maria Adelina Amorim, “Viagem E Mirabilia: Monstros, Espantos E Prodígios,” in *Condicionantes Culturais Da Literatura de Viagens - Estudos E Bibliografias*, ed. Fernando Cristóvão (coord.) (Coimbra: Almedina, 2002), 126-81.

⁵ Ibid., 132.

⁶ Ibid., 138.

⁷ Jana Valtrová, “Beyond the Horizons of Legends: Traditional Imagery and Direct Experience in Medieval Accounts of Asia,” *Numen* 57/2 (2010): 154-85.

⁸ Ibid., 177-79.

⁹ Phillips, “Travel, Writing and the Global Middle Ages,” 82.

Querendo indagar sobre o impacto da literatura de viaxes na Península, escollín entre as miñas fontes aqueles libros de viaxes producidos neste espazo así como aqueles europeos dos que teño constancia que foron difundidos neste territorio. Probablemente outros manuscritos teñan chegado dos que non se teñen copias, pero ao non contar con ningún testemuño que o confirme foron descartados. En canto ás edicións dos textos cos que vou traballar, tentei por un lado escoller aquelas máis fiables e con máis información sobre o texto, e por outro, escollín aquelas ás que podía acceder cunha certa facilidade. Ordenados de forma cronolóxica, os textos son os seguintes:

O libro das marabillas do mundo de Marco Polo (1295):¹ Este famoso comerciante veneciano viaxou por Asia durante vinte e cinco anos, ata que retornou á súa terra e lle ditou as súas peripecias a Rusticiano de Pisa. A súa obra, na que aparecen tanto pobos como cidades e tamén unha descrición da corte mongol, foi amplamente difundida polo Occidente Medieval e chegan as primeiras versións da obra xa traducidas ao territorio ibérico a mediados do século XIV.²

Relación de viaxe de Odorico de Pordenone (1330):³ Este misioneiro franciscano inicia a súa viaxe cara a China no 1322 para unirse ao arcebispo Giovanni de Montecorvino. Pasando polo sur de Persia, norte de Arabia, actual Iraq e a India, visita ao bispo Andrés de Perusa en Zaitón e chega á capital mongol Daidu no 1325.⁴ A súa *Relación de viaxe* foi traducida ao francés por Jean le Long no 1351,⁵ e chega á Península Ibérica entre os anos 1374 e 1378 por petición de Don Joan, Infante de Aragón.⁶

As Viaxes de Jean de Mandeville (1356):⁷ Trátase dunha viaxe imaxinaria que reúne moitos territorios coñecidos da Antigüidade dos que o autor escribe a partir doutras obras que coñece, e as marabillas son especialmente abundantes. Este texto foi amplamente famoso, e no caso do territorio ibérico puido ter chegado xa no 1380 unha tradución francesa ás mans de Don Xoán de Aragón (futuro Xoán I), aínda que hoxe en día a primeira versión en español que se conserva é do século XV.⁸

Libro del conocimiento de todos los reinos (1350/ finais do s. XIV):⁹ De autor descoñecido pero producido na Península, trátase dunha viaxe imaxinaria no que o autor describe sucintamente as principais cidades, montañas, ríos ou illas e sinais dos reinos sen seguir un itinerario real, simplemente é unha acumulación de datos.

¹ Valentim Fernandes, ed., *O Livro de Marco Paulo, O Livro de Nicolao Veneto, Carta de Jeronimo de Santo Estevam*, Fac-símile (Lisboa: Biblioteca Nacional, 1922).

² Christiane Deluz, "Marco Polo (1254-1324)," *Encyclopedia of the Middle Ages*. (James Clarke & Co, 2000), 905.

³ Fray Odorico de Pordenone, "Viaje," in *La India Y El Catay. Textos de La Antigüedad Clásica Y Del Medioevo Occidental*, ed. Juan Gil. Madrid: Alianza Universidad, 1995, 433-510.

⁴ Fray Odorico de Pordenone, "Viaje," in *La India Y El Catay. Textos de La Antigüedad Clásica Y Del Medioevo Occidental*, ed. Juan Gil (Madrid: Alianza Universidad, 1995), 433-35.

⁵ Hugh D. Walker, "Odoric of Pordenone," *Trade, Travel and Exploration in the Middle Ages. An Encyclopedia* (Garland Publishing, 2000), 457.

⁶ Outro historiador suxire que puido circular xa pola Península no ano 1360, pero non está comprobado. Eugenia Popeanga, "El Relato de Viajes de Odorico de Pordenone," *Revista de Filología Románica* 9 (1992): 41.

⁷ Jean Mandeville, *Libro de Las Maravillas Del Mundo*, ed. Pilar Liria Montañés. (Zaragoza: Caja de Ahorros de Zaragoza, Aragón y Rioja), 1979.

⁸ Ana Pinto, ed., *Los Viajes de Sir John Mandeville* (Madrid: Catedra, 2001), 30-35.

⁹ María Jesús Lacarra, María del Carmen Lacarra Ducay, and Alberto Montaner, eds., *Libro Del Conocimiento de Todos Los Rregnos et Tierras et Señorios Que Son Por El Mundo, et de Las Señales et Armas Que Han*. (Zaragoza: Diputación de Zaragoza, CSIC, 1999).

Embajada a Tamorlán de Ruy González de Clavijo (1406):¹ O embaixador Ruy González de Clavijo relata na súa obra *Embajada a Tamorlán* a viaxe da embaixada de Enrique III desde Castela ata o Oriente asiático no 1406. O relato configúrase basicamente como un diario de viaxe no que se vai contando o que sucede cada día, os viaxeiros contan as súas anécdotas, dificultades, etc.

Andanças e Viajes de Pero Tafur (1454-1457):² As *Andanças e Viajes* de Pero Tafur, pola súa parte, conteñen o relato dunha viaxe por Europa e o Próximo Oriente de tres anos de duración – entre 1436 e 1439 – narrado en primeira persoa por un fidalgo andaluz. Descríbense na obra varias viaxes distintas, sendo o que corresponde a Oriente aquel que ten lugar entre maio de 1438 e o mesmo mes do ano seguinte.³ Nesta viaxe, Tafur só chega ata Caffa, que estaba neste momento en mans de comerciantes europeos, e aquí decide, vendo o “salvaxismo” das xentes, non continuar a súa viaxe máis cara o leste.⁴

O libro de Nicolao Veneto (1502):⁵ O *libro de Nicolao Veneto* é a primeira tradución a lingua vulgar do cuarto libro da *Historia de varietate fortunae*, levada a cabo por Valentim Fernandes⁶ en 1502.⁷ Este cuarto libro publicouse baixo o título *India recognita* pola iniciativa de Christoforo de Bollate, senador do duque de Milán, en 1492, e esta obra é a que probablemente teña seguido Fernandes.⁸

O libro do Infante don Pedro de Portugal de Gómez de Santiesteban (1515):⁹ O que podemos denominar coma o último libro de viaxes medievais ten como protagonista do relato a unha personaxe histórica: o Infante don Pedro, fillo de João I e Felipa de Lancaster que nace no 1392 e morre no 1449. Aínda así, as viaxes que se relatan por todo o mundo parece que foron totalmente inventadas¹⁰ e o carácter marabilloso da viaxe refléxase en todo momento.

¹ Ruy González de Clavijo, *Embajada a Tamorlán*, ed. Francisco López Estrada. (Madrid: Castalia, 1999).

² Pero Tafur, *Andanças E Viajes*, ed. Miguel Ángel Pérez Priego (Sevilla: Fundación José Manuel Lara, 2009).

³ Francisco Javier Villalba Ruiz de Toledo, “El Viaje de Don Pero Tafur (1436-1439)”, *Arbor* CLXXX, 2005: 537–38.

⁴ Pero Tafur, *Andanças E Viajes*, ed. Miguel Ángel Pérez Priego (Sevilla: Fundación José Manuel Lara, 2009), 146.

⁵ *O Livro de Marco Paulo, O Livro de Nicolao Veneto, Carta de Jeronimo de Santo Estevam*, Fac-símile. Lisboa: Biblioteca Nacional, 1502 .

⁶ É o propio Fernandes o que introduce dúas novidades respecto ao texto de Poggio. En primeiro lugar, aínda que traduce integralmente o libro cuarto de *De varietate fortunae* – que inclúe os datos conseguidos mediante tres informadores: Nicolo dei Conti, un mensaxeiro nestoriano e a delegación de Etiopía – só ten en conta o relato que ocupa a parte máis extensa do texto, ignorando ao propio autor, Poggio. En segundo lugar, é o editor o que introduce a idea de que o papa Euxenio IV lle impuxera ao veneciano, como penitencia pola súa abxuración do cristianismo, ditar ao seu secretario a súa relación de viaxes. Recollido en Anca Crivat-Vasile, “El Viaje de Nicolo Dei Conti En Los Relatos de Pero Tafur Y Poggio Bracciolini,” *Revista de Filología Románica* 13 (1997): 241.

⁷ Anca Crivat-Vasile, “El Viaje de Nicolo Dei Conti En Los Relatos de Pero Tafur Y Poggio Bracciolini,” *Revista de Filología Románica* 13, 1997: 238-239.

⁸ *Ibid.*, 235.

⁹ Elena Sánchez Lasmarías, “Edición Del Libro Del Infante Don Pedro de Portugal, de Gómez de Santiesteban,” *Memorabilia* 11 (2008): 1-30.

¹⁰ Carmen Mejía, “El Libro Del Infante Don Pedro de Portugal: Estudio Crítico Y Problemas de Transmisión,” *Revista de Filología Románica* 15 (1998): 215-32. p. 221-223

METODOLOXÍA

En primeiro lugar, para poder ter tódolos datos ordenados dunha maneira lóxica procédesese á creación dunha base de datos de tódolos monstros que se atopan nas diferentes fontes. Estarían incluídos os seguintes campos: nome do monstro, descrición, casilla de verificación que indica se é unha raza monstruosa ou non, localización e fonte na que se atopa.

En canto á análise dos meus textos, pretendo aplicar as novidades metodolóxicas que introduce o chamado “novo medievalismo”: a corrente postmodernista aplicada aos estudos medievais. O postmodernismo agrupa un conxunto de epistemoloxías e metodoloxías que postulan a necesidade de acercarse aos documentos como textos, non como simples fontes neutras, pois ponse en dúbida a crenza anterior de que o achegamento ao pasado debe ser racional e obxectivo. Segundo estas novas tendencias, o medievalista xa non recupera estritamente o pasado, se non as imaxes de si mesmo que o pasado produce, as súas improntas. Preténdese agora aplicar un tratamento poliédrico das crónicas medievais, nas que interesa tanto o real coma o imaxinario, o verídico coma o ficcional, o expresado e o silenciado, e polo tanto a opacidade e a inestabilidade do coñecemento histórico aumentan notablemente. O novo medievalismo convértese nunha ciencia non dos feitos se non dos discursos ou, como moito, da codificación dos feitos.¹

Despois do tratamento dos textos, e tendo presente os datos que nos aportan tanto fontes como bibliografía, comézase a elaborar un texto histórico no que se sitúa aos monstros en cada espazo do Oriente. Este texto organízase en torno a unha viaxe imaxinaria composta polas que realizan os diferentes autores a Asia e na que se recorren exclusivamente os lugares nos que habitan monstros ou marabillas. As características de cada rexión que se recorre deben ser lidas como un conxunto, que despois se integrará no espazo final que é o Oriente.

CONTEXTO E ANTECEDENTES: OS MONSTROS E A REDESCUBERTA DO ORIENTE

Entendendo o maravilloso como todo aquilo que asombra ante a mirada (a *mirabilia* latina),² a realidade medieval está composta polo mundo cotián, o das *realidades*, e o outro mundo, o *alter mundus*, para eles sempre presente, aínda que poida ter aparencia de irrealidade.³ Dentro deste mundo oculto, os monstros e seres fantásticos aparecen reiteradamente en diferentes formas: desde animais míticos coma a ave fénix, pasando por razas monstruosas ou diferentes seres deformes, entre outros casos. Todos eles quedan plasmados na literatura medieval, pero de forma especial nos libros de viaxes medievais. Neste tipo de literatura na que se “explora o descoñecido” é onde o monstro se amosa con maior frecuencia, variedade e detalle, pois o lugar do monstro é sempre o exterior, as rexións máis alá do coñecido, coma os fins da terra, os desertos, as montañas ou as illas.⁴

O maior florecemento destes relatos de viaxes dáse no mundo medieval a partir do século XII, e principalmente no XIII, coas Cruzadas, que puxeron a Europa en contacto con outras culturas; e tamén de forma paralela co impulso do comercio no Mediterráneo, que nunca se paralizara de todo. Finalmente, o acontecemento que abre as portas de Asia á curiosidade europea foi a expansión e conquista protagonizada polos

¹ Jaume Aurell, “El Nuevo Medievalismo Y La Interpretación de Los Textos Históricos,” *Hispania* LXVI, nº 2 (2006): 811–14.

² Con raíz “mir” (miror, mirari) implica algo visual. Todo un mundo imaxinario pode ordenarse arredor deste sentido, o da vista, e arredor dunha serie de imaxes e metáforas. Le Goff, *Lo Maravilloso Y Lo Cotidiano En El Occidente Medieval*, 10.

³ Rubio Tovar, “Monstruos Y Seres Fantásticos En La Literatura Y Pensamiento Medieval,” 20.

⁴ Jean Verdon, *Travel in the Middle Ages* (Notre Dame: University of Nothe Dame, 2003), 22.

mongois baixo o mando de Gengis Khan e os seus inmediatos sucesores, o que fai que se establezan unha serie de condicións de seguridade suficientes para viaxar desde as costas orientais do Mediterráneo ata China.¹

Oriente só se coñecía a través de informacións providas da Antigüidade Clásica, que describían un mundo oposto ao europeo, onde se situaban todas as marabillas. Isto fai que os viaxeiros partan en busca dun mundo novo, descoñecido, no que todo lles fascinaba: as sedas, o ouro, as pedras preciosas, e, por suposto, os monstros.²

A ANÁLISE DOS DATOS E A ESTRUCTURA: ORIENTE COMO ESPAZO MARABILLOSO

En canto á estrutura, dedicaríanse tres capítulos a este contexto que se acaba de presentar: un para o monstro na Idade Media (I) e outro para o Oriente e o Medieval (II). No primeiro capítulo, describiríase o panorama xeral dos monstros, a súa relación co marabilloso e o pensamento que se desenvolve sobre eles na Idade Media. O segundo capítulo centraríase en describir o movemento e as circunstancias que levan aos viaxeiros a dirixirse cara o Oriente, e tamén a visión que se tiña do continente asiático no Occidente Medieval.

O seguinte capítulo sería a presentación dos monstros agrupados nun percorrido espacial e cuxo título será “Oriente, terra de monstros: a imaxinación dun espazo, un espazo de imaxinación” (III). Este capítulo subdivídese en diferentes apartados, un para cada unha destas rexións, xa que cada unha delas consta dunhas características especiais que convén recoller e analizar posteriormente en conxunto.³ A estrutura deste capítulo configuraríase entón desta maneira:

- África
- Próximo Oriente
- India
- O Océano Índico e o espazo insular
- Asia Central
- China
- A Tartaria

E un último capítulo dedicarase á análise destes datos para establecer cales son as características desta imaxe marabillosa do Oriente. O seu título será “Monstros e marabillas: o papel dos libros de viaxe na imaxe do Oriente” (IV). Aínda que actualmente este capítulo é o menos avanzado de todo o texto, xa se poden destacar algunhas características deste marabilloso oriental que se establecen ou reforzan no imaxinario europeo neste momento.

Unha delas é a alteridade, pois un sistema de representacións do “diferente” comezou a marcarse no referencial dos occidentais, nun proceso que non é novo, pois esas categorías xa se atopaban no seu universo mítico.⁴ Esta alteridade vai da man da exterioridade: fóra dos límites coñecidos é onde atopamos o diferente, o contrario a nós, e as terras descoñecidas acostuman ser lugares privilexiados cunha densidade elevada de

¹ Miguel Ángel Ladero Quesada, “Mundo Real Y Mundos Imaginarios. John Mandeville,” in *Viajes Y Viajeros En La Europa Medieval*, ed. Feliciano Novoa Portela and F. Javier Villalba Ruiz de Toledo (Madrid: Lunweg Editores y CSIC, 2007), 55-76.

² Amorim, “Viagem E Mirabilia: Monstros, Espantos E Prodigios,” 139.

³ Na tese tamén se incluírán unha serie de mapas que axuden a conformar este Oriente marabilloso, distinguindo as características das diferentes rexións e indicando as ubicacións dos monstros.

⁴ Maria Adelina Amorim, “Viagem E Mirabilia: Monstros, Espantos E Prodigios,” in *Condicionantes Culturais Da Literatura de Viagens - Estudos E Bibliografias*, ed. Fernando Cristóvão (coord.) (Coímbra: Almedina, 2002), 139.

fenómenos extraordinarios, sempre situados en rexións de acceso difícil a causa do afastados que están, do seu illamento ou da súa dureza.

Por outro lado, as razas monstruosas, en concreto aquelas razas denominadas como “salvaxes” tamén se volverían características destes territorios. Aínda que estes bárbaros xa aparecerían nos escritos de viaxes desde a Antigüidade, sería neste momento cando se compón unha “etnografía do home salvaxe”: vive no bosque antes que na cidade, en tamaño pode ser xigante ou de tamaño anano coma o pigmeo, peludo, dedícase á caza e recolección e come a carne crúa dos animais, non coñece a agricultura ou a metalurxia, ten gran forza física, amante da guerra, dado á sexualidade carnal, de escasa intelixencia, falta de fala humana, incapaz de coñecer a Deus porque é irracional e ligado ao semidivino ou ó semisatánico.¹

E por último, no caso dalgúns monstros e razas monstruosas, os autores afirman ou dan a entender que estes son malvados e perigosos e fomentan así certa imaxe de rexeitamento. Pero Tafur escribe que non quere ir a Oriente porque viu unhas xentes de grande “bestialidad y deformidad”², dragóns e serpes gardan a Torre de Babel para Mandeville, os salvaxes antropófagos comen aos viaxeiros que chegan ás súas illas e serpes de sete cabezas e cocodrilos son outros perigos máis. Comparando as descricións, semella que os autores describen paralelamente un mundo marabilloso con xentes con boas cualidades – que aparecen en descricións de Marco Polo ou Pordenone, por exemplo – e, ao mesmo tempo, este mundo perigoso que escandalizaría a calquera persoa que se mergullara nel.

Para concluír, semella que este mundo que é o Oriente, e que se articula en gran parte en torno ao marabilloso, ten un gran peso do mundo antigo e medieval, pero ao mesmo tempo quere saírse das normas que o Occidente europeo segue neste momento. O perigo, a deformidade e pecados coma a antropofaxia son o que se atopan continuamente os viaxeiros, e aínda que estas circunstancias son totalmente condenadas no mundo medieval, en Oriente parecen non supoñer un problema: a atracción por estes fenómenos extraordinarios e o territorio que os acolle segue estando presente, e as diferencias que contrastan co mundo destes exploradores fan que aumente aínda máis o seu interese por estes descubrimentos.

¹ Shirin A. Khanmohamadi, *In Light of Another´s Word. European Ethnography in the Middle Ages* (Philadelphia: Pennsylvania Press, 2014), 22-23.

² Tafur, *Andanças E Viajes*, 146.